

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

RESOLUCIÓN do 30 de maio de 2013 pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, de postos de directores e directoras da Rede de centros integrados de formación profesional de Galicia, anunciada pola Orde do 15 de marzo de 2013.

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dos postos de directores e directoras da Rede de centros integrados de formación profesional de Galicia, anunciada pola Orde do 15 de marzo de 2013 (*Diario Oficial de Galicia* nº 62, do 1 de abril), de conformidade co establecido no artigo quinto da citada orde,

DISPOÑO:

Primeiro. Resolver a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dos postos de directores e directoras da Rede de centros integrados de formación profesional de Galicia, anunciada pola Orde do 15 de marzo de 2013, unha vez vistos os informes emitidos polos consellos sociais e polos claustros de profesores dos centros integrados, tal e como establece o punto 2 do artigo quinto da citada orde.

Segundo. No uso das atribucións conferidas polo punto 4 do artigo quinto da antedita orde, nomear directores e directoras da Rede de centros integrados de formación profesional de Galicia os candidatos relacionados no anexo desta resolución.

Terceiro. Declarar deserto o posto de director/ora do centro integrado de formación profesional CIFP Portovello.

Cuarto. O nomeamento referido no punto segundo desta resolución terá efectos administrativos e económicos desde o 1 de xullo de 2013 inclusive.

Quinto. Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso de alzada perante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publica-



ción no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2013

Manuel Corredoira López
Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

ANEXO

| Provincia | Concello | Código centro | Centro integrado de formación profesional | Apelidos e nome | DNI |
|------------|------------|---------------|---|-----------------------------------|-----------|
| A Coruña | A Coruña | 15027897 | CIFP Paseo das Pontes | López Prado, Beatriz Julia | 32791678A |
| A Coruña | Ferrol | 15006754 | CIFP Ferrolterra | Pazo López, Enrique | 32435100V |
| A Coruña | Ferrol | 15006778 | CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro | López Uceira, Fernando | 32665526Y |
| A Coruña | Ribeira | 15014556 | CIFP Coroso | Rendo Rodeiro, José Antonio | 33224025L |
| Lugo | Lugo | 27006516 | CIFP Politécnico de Lugo | Otero Legide, Gumersindo Enrique | 76543555S |
| Pontevedra | Pontevedra | 36014489 | CIFP A Xunqueira | Núñez Portela, Rafael Maximino A. | 35245980K |
| Pontevedra | Vigo | 36013448 | CIFP Manuel Antonio | Saa Sarria, Adelaida | 34964626A |

